

ANITA BROOKNER

Os tardeiros

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

1

Hartmann, voluptuoso como era, verteu unha cullerada de azucre moreno na cunca do café; a continuación, pousou unha onza de chocolate puro na lingua e, entrementres se disolvía, prendeu o primeiro cigarro. A consecuyente mestura de sabores e aromas compraceulle no máis fondo, e deleitouse así mesmo coa sorte de fumareda azul a sobrevoar o mantel de liño branco, o ramo de caraveis amarelos no floreiro de prata e as súas mans de esmerada manicura, nun de cuxos dedos lucía, frouxo, o anel de voda, sen o apertado suco que affixe o home que gañou peso ou avellou, un home para o cal, dunha ou doutra maneira, a voda non é senón un fito dun pasado irrelevante. Paseou a mirada polo comedor do hotel até detela, benevolente, nuns tipos tirando a mozos (executivos de grao medio, pareceulle que era a denominación), quen, provistos dos seus maletíns, se acomodaran nas mesas contiguas, e para os que o xantar ía inextricabilmente ligado a falar de negocios. «Meus pobres, que mal pintades», pensou Hartmann. «O voso porte é difuso; o corte de pelo, impropio. Consagrádeslle tempo e enerxía á empresa, e apenas gardades nada para vós. Non ten demasiado

sentido falar dun escenario de crecemento cero, como na aparencia vos dispoñedes a facer, se lle ides enviar un cóctel de lagosta seguido dun pastel de carne e riles ao forno: a auga mineral non será a que vos libre».

Comera con moderación (peixe á grella cunha gornición de verduras) e logo tomou o café. Había tempo que deprendera os praceres da temperanza, a extraer a esencia a partir da mostra, a progresar aos poucos até por fin culminar, no canto de se entregar por enteiro e deica o colapso. Nin sequera se permitía o capricho dun segundo cigarro. Iso chegaría moito despois, tras unha cea frugal. Des que a súa esposa empezara a asistir ás clases nocturnas, prefería preparar algo para el só. Denantes de poñer rumbo á oficina, seleccionaba e mercaba algo de queixo: outro deleite, outra razón de existir.

Aspiraba ao sublime. Se, como di Hegel, para o autenticamente sublime cómpre unha marcada conciencia da ineptitude, Hartmann frecuentaba as comodidades do falsamente sublime, pois rara vez sentía a picada da ineptitude. Consideraba que a súa misión na vida consistía en perfeccionar os praceres sinxelos, sobre todo aqueles de índole física ou doméstica, ben distintos da refrega e a dor de propósitos máis ambiciosos. A idea dun deus, por exemplo, refutábaa por atentar contra a súa plácida existencia. Supoñendo que algunha vez pensase Hartmann na máxima «Eu son o que son»¹, replicaría: *Et moi?*, non por faltarlle ao respecto a ninguén, senón máis ben a modo de constatación do simple repartimento que facía das actividades, as cales, por ficaren en compartimentos estancos, non chegaban a

¹Éxodo 3:14.

